

## BASES CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES E ESTABELECIMENTOS NO NADAL 2015

### Preámbulo.- Organizadores

O Concello de Lugo, en colaboración coa Federación de Comercio de Lugo e coa Asociación Provincial de Hostaleiros de Lugo.

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste concurso é a distinción de ata un máximo de catro establecementos comerciais ou de hostalería, decorados ou configurados con motivos de Nadal, para promover a creatividade dos empresarios de xeito que os seus establecementos sexan máis atractivos e fomenten o espírito do Nadal.

### Segunda.- Ámbito do Concurso

Poden participar neste concurso todos os establecementos comerciais e de hostalería que se encontren situados no termo municipal de Lugo.

### Terceira.- Premios

Establécese un total de catro premios para catro establecementos seleccionados por un xurado profesional, que poderán quedar desertos no caso de entender o xurado que non se reúnen os estándares mínimos para ser asignadas as distincións entre os participantes.

Os premios estarán suxeitos á correspondente retención de IRPF, e serán os seguintes:

- Primeiro Premio para un establecimiento de comercio: 800€ e Diploma
- Primeiro Premio para un establecimiento de hostalería: 800€ e Diploma
- Segundo Premio para un establecimiento de comercio ou hostalería: 400€ e Diploma
- Terceiro Premio para un establecimiento de comercio ou hostalería: 200€ e Diploma

Os catro establecementos premiados serán publicitados nos medios como gañadores do concurso. Non poderá ser premiado máis dun establecimiento pertencente a unha mesma cadea comercial.

### Cuarta.- Inscrición e prazo

Todos os establecementos interesados en participar neste concurso deberán formalizar a súa inscrición a través dos seguintes teléfonos:

- No teléfono 010 municipal
- Na Federación de Comercio de Lugo, teléfono 982 25 51 20
- Na Asociación Provincial de Hostaleiros de Lugo, teléfono 982 22 69 12



A inscrición é gratúa, e o prazo será dende o mesmo día de publicación destas bases ata o día 11 de decembro ás 15:00 horas. As bases publicaranse no WEB municipal, dende o día 4 de decembro at ao día 11 de decembro.

#### **Quinta.- Período de Exhibición**

Todos os escaparates e establecementos deberán estar rematados antes do día 16 de decembro de 2015, xa que a partir desa data o xurado, ou persoal autorizado para a súa comprobación, visitará os establecementos participantes en horario de mañá, debendo de permanecer decorados ata o 7 de xaneiro de 2016.

Na WEB municipal ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)) exporanse as imaxes e os datos dos establecementos participantes neste concurso, cuxa inscrición supón a aceptación expresa destas bases na súa totalidade.

Todos os escaparates e establecementos serán fotografados e examinados polo xurado mediante o visionado desas fotografías ou persoalmente, segundo considere. Nos escaparates deberá colocarse un distintivo, facilitado polo Concello de Lugo, no que se acredite a participación do establecemento neste concurso.

#### **Sexta.- Xurado e valoración**

O xurado estará integrado por tres profesionais: 1 fotografo/a, 1 decorador/a e 1 escaparatista, que deberán de valorar:

- os materiais empregados, tendo un especial recoñecemento para os elaborados con material reciclado e/ou reutilizables
- a dificultade do proceso de elaboración
- a orixinalidade
- o emprego de elementos da propia actividade
- a ornamentación e a vistosidade do traballo realizado, sempre tendo en conta a temática do Nadal

O fallo do xurado será inapelable, e farase público.

#### **Sétima.- Cesión de dereitos**

Os participantes ceden todos os dereitos de propiedade intelectual sobre os proxectos de escaparates e decoración dos seus establecementos, así como dos derivados das fotografías, vídeos, etc, efectuados sobre os mesmos, á efectos de ser difundidas nos medios de comunicación, redes sociais, webs, etc.

#### **Oitava.- Descualificación**

A inobservancia dalgunha destas bases producirá en canto sexa detectada pola organización, a descualificación inmediata do establecemento neste concurso, sendo comunicada tal circunstancia ao interesado/a e debendo retirar o distintivo acreditativo do seu establecemento.

